

# ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DE MATEMÁTICAS PARA OS NIVEIS DE 2º ESO E 4º ESO CURSO 22\_23

En cumprimento da orde do 27 de decembro de 2022 achégase esta addenda coas **modificacións** oportunas á programación do departamento de matemáticas para os niveis de 2º e 4º de ESO para o presente curso 22-23.

## PROCEDEMENTO DE CUALIFICACIÓN NA AVALIACIÓN FINAL

Modifícase o peso das avaliacións para o cálculo das medias ponderadas, tendo en conta o número de días lectivos:

- 1ª avaliación: 40 %
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 30%

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Se ó facer a anterior media ponderada o alumno ou alumna non logra acadar unha cualificación de 5 ou superior, deberá presentarse a unha proba escrita de contidos mínimos, na data que estableza o seu profesor da materia.

No caso que a recuperación sexa como moito de dúas avaliacións esta nota substituirá á nota de ditas avaliación e calcularase a cualificación na materia mediante a media aritmética ponderada das tres avaliacións, do xeito especificado anteriormente.

Se a proba engloba as tres avaliacións a nota acadada na mesma quedará como a cualificación final na materia da alumna ou alumno na avaliación final. A nota obtida nela será o único instrumento para a avaliación e cualificación neste caso.

En ambos casos a materia quedará superada cando a calificación sexa igual ou superior a 5.

## RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Modifícase que de ser o caso que o alumno ou alumna non supere a proba escrita do mes de maio **poderá optar a outra proba escrita extra durante o mes de xuño**, na data que estableza o departamento. A nota acadada en dita proba será a que apareza na avaliación final da materia.